



Tradutores e pontífices

—> VEN DA PÁXINA ANTERIOR

ha utopía para consumo dos íntimos. Pasados os anos das traducións feitas coa ponte das versións francesas dos homes de Nós e non chegados aínda os tempos das versións libres —cando non inventadas— de Cunqueiro, Galicia non tivo a sorte de poder ofertar traballo aos tradutores.

Tal vez por iso, e malia

quen discute a competencia de Otero Pedrayo para traducir uns anacos de Joyce.

Con independencia da situación política —hoxe non sería moi distinta—, Díaz Castro exerceu o seu oficio de tradutor tendo o castelán coma lingua de destino, fose naquelas *Selecciones do Reader's Digest*, nos traballos do CSIC, verbo dos escritores escandinavos (aínda hoxe: quen sabe danés en España?) ou nas aventuras de James Bond, de Ian Fleming. Mesmo naquelas condicións, contar cun persoeiro como o poeta de Guitiriz sería un luxo para calquera país.

Se collemos o sentido literal de *pontífice*, temos que aplicarllo aos tradutores como verdadeiros

a diáspora galega polo mundo adiante, nunca foi terra dada aos políglotas. Sen ir máis lonxe, na recente visita do dirixente de Syriza, Alexis Tsipras, a coalición anfitrióna (AGE) non atopou un intérprete de grego ao galego e tiveron que “importar” quen xa fixera esa tarefa no Porto. Sen esquecer que, case oitenta anos despois, aínda hai

artífices de pontes entre as linguas. O que sucede, ás veces, é que tal tarefa non é doada en canto ao éxito dos resultados. Quen domina con habilencia algunhas linguas case sempre tivo a tentación dun transvase entre elas. O problema, sen embargo, é que as máis das veces a cousa non pasará de divertimento.

Díaz Castro tivo que



Díaz Castro con (de esquerda á dereita) L. González Tosar, Ramón Piñeiro e Alfredo Conde.



Xosé María Díaz Castro a mediados dos 80.



encarar unha tripla dificultade: a marxinação social da lingua galega, a distancia na que estaba verbo dos escasos centros editoriais galegos e a secular condición minoritaria da poesía. Se a primeira apenas foi recuperada en democracia (con traducións galegas na revista *Dorna* que antes viron a luz en castelán en *Alba*), as outras tiveron unha solución máis complicada.

O gutiricense non contou, nin que fose parcialmente, dunha tribuna

como a que, por teima e sorte súa, dispuxo Cunqueiro. Nas páxinas de FARO DE VIGO, o de Mondoñedo tivo esas marxas de tolerancia que a situación política concedía para xuntar lingua galega e poesía (daquela, dúas excentricidades literarias). Foron centos os autores vertidos ao galego en versión —máis

que tradución— moitas veces libérrima, pero necesaria para darlle vigor á lingua de nós. Unha mestizaxe imprescindible.

Un tradutor como Díaz Castro vén ser un luxo para calquera país



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ PEMÓN BOUZAS TERESA GONZÁLEZ COSTA RAMÓN CARIDE ELENA GALLEGO ABAD ALFONSO ÁLVAREZ CACCAMO
A VIAXE DE GAGARIN A VOZ DO VENTO OS SANTOS NUNCA DORMEN O SANGUE DOS CAMIÑOS SETE CAVEIRAS OS GOTTEN

en galego todo o tempo

XERAIS

AS MELLORES
LETRAS GALEGAS
2014

xerais@xerais.es
http://www.xerais.es